

**TEMPO** ■ O titular de Medio Ambiente di que o agro será o máis beneficiado polas precipitacións ■ "O estado das presas é francamente complexo", apunta

## Vázquez: "As chuvias non van arranxar os encoros"

A auga seguirá a caer polo menos ata o mércores, "non obstante o outono quedará xa como seco"

Redacción · Santiago

O conselleiro de Medio Ambiente, Manuel Vázquez, considerou onte que as chuvias rexistradas en Galicia nos últimos dous días "son un refresco importante", aínda que advertiu de que "non van resolver estruturalmente o problema" de escaseza de auga nos encoros que ten a comunidade.

Cando lle preguntaron polo asunto nunha rolda de prensa, o titular da consellería explicou que as precipitacións serán especialmente importantes para o campo, xa que "con que chova dous ou tres días no agro", os beneficios xa se percibirán.

A xornada de onte foi a primei-

ra do mes na que chove en practicamente toda Galicia. No caso das estacións meteorolóxicas máis próximas ás cidades, Ferrol rexistrou 21,7 litros por metro cadrado; A Coruña 16,2; Santiago 14,3; Lugo 13,8; Ourense 0,4; e Vigo 14,4, segundo datos de Meteogalicia, que non ofrece cifras de Pontevedra.

Ante estas primeiras precipitacións, Manuel Vázquez apuntou que para a melloría nos encoros apenas se notaron as chuvias, xa que aínda "están a empezar" e a situación na que se atopaban as presas a finais da semana pasada "era francamente complexa".

En todo caso, o que si se pode dicir é que Galicia atravesa os seus primeiros días de outono, como se entende estritamente desde o punto de vista meteorolóxico. Asegúroo o experto de Meteogalicia consultado por AGN, Juan Taboada, quen predi que as precipitacións, aínda que de diferente intensidade, se manterán de forma xeneralizada en Galicia polo menos ata o mér-



A chuva causou un accidente na N 550 entre Santiago e Padrón, metros máis abaixo do Firameiro

NA ESTRADA

### Dous sinistros por mor do clima

As chuvias provocaron sen los accidentes de tráfico na xornada de onte que afectaron ao tráfico. Houbo un accidente na N 550 entre Santiago e Padrón, metros máis abaixo do Firameiro no que un camión perdeu o control e foi unha piva chucendo co ruameiro. A estrada estivo cortada ao tráfico en dirección Pontevedra durante varias horas, nas que se

estivo habilitado un carril de subida de Padrón a Santiago. Tamén hubo un accidente múltiple entre pola N 550 quilómetro 150 entre o tipo de Pontevedres de Roldán 1, que deixou catro feridos leves que se recuperaban en centros de tratamento en varios centros sanitarios por varios centros de tratamento de tráfico e de tráfico de tarde.

eres. A partir de aí, é máis difícil predicir, pois aínda que todo apunta a que seguirá a partir da segunda metade da semana máis estable de, non se descartan choivas. Iso si, as posibilidades, a partir do mércores, "diminuen bastante". Por iso que o outono de 2007 quedará como seco polo menos na opinión dos meteorólogos, que entenden que debenan manter-se as choivas durante dúas semanas e cunha intensidade similar os dous últimos días para igualar os parámetros de precipitacións doutros anos. ●

**ALACANTE** ■ O Goberno rexional descarta calquera outro marco delituoso, tal como se apuntara

## A morte dunha dona de 30 anos, novo caso de violencia sexista

A muller de 30 anos de idade apuntada antonte en Alacante faleceu onte pola mañá no Hospital Xeral Universitario da cidade, á vez que a Policía Nacional detivo un home como presunto autor desta agresión, quen ao parecer mantiña unha relación sentimental coa vítima.

A muller, de nacionalidade rusa, faleceu á primeira hora, cunha morte pola tarde, no mencionado hospital, segundo informaron fontes do Centro de Información e Coordinación de Urxencias da Generalitat Valenciana.

Poía súa banda, a subdelegada do Goberno nesta provincia, Encarna Llinares, asegurou que se trata dun delito de "violencia de xénero", o que descarta calquera outro marco delituoso tal e como onte apuntaban fontes da investigación.

A falecida permaneceu ingresada

na área de Reanimación do hospital alacantino con diagnóstico de "moi grave", tras ser intervida cirurxicamente dunha ferida no pescozo.

O caso, cuxas causas ou orixe non foron precisadas, tivo lugar onte no portal dunha vivenda situada na rúa Díaz Moreu, no barrio alacantino de San Antonio, onde ao parecer a muller residía desde hai escasas datas.

Anda que as pescudas iniciais non determinaron que esta agresión se enmarcase como "violencia de xénero", as investigacións posteriores e a detención do compañeiro sentimental déronlle maior verosimilitude a esta hipótese. O mozo decido, de nacionalidade española e residente en Alacante, permanece en dependencias da comisaría, á espera de pasar a disposición xudicial. ● EFE

**ILEGAL** ■ Deteñen tres marroquís da provincia galega, membros dunha banda que opera no Estado

## Desartellan unha rede de coches de luxo en Pontevedra

A Garda Civil, o Corpo Nacional de Policía e a Policía autonómica de Cataluña, Mossos d'Esquadra, nunha operación conxunta contra o crime organizado, desarticulou unha organización criminal integrada por cidadáns marroquís e españois, dedicados ó tráfico ilícito de vehículos de alta gama, que subtraían un total de 85 vehículos, valorados nuns 4,5 millóns de euros, dos que se recuperaron 75.

A Garda Civil informou de que entre os detidos hai tres homes de nacionalidade marroquí e que residían na provincia de Pontevedra. Trátase de H.E., alias *Bocanegra*, de 34 anos de idade e con domicilio na cidade do Lérez; A.B., marroquí de 32 anos, domiciliado na mesma cidade, e A.C.F.C., marroquí de 34 anos e con domicilio en

Pontevedra). A operación desenvolveuse en varias provincias españolas (Barcelona, Tarragona, Madrid, Toledo, Pontevedra e Sevilla), onde se practicaron rexistros e se detivo a 27 persoas baixo a imputación de roubo de vehículos, tráfico de estupefacientes, falsidade documental, atentado, receptación e asociación ilícita.

A operación, denominada *Bocanegra*, iniciouse a mediados de 2006, o detectarse un incremento estatístico do número de vehículos roubados de gama alta. Os vehículos eran subtraídos aproveitando o descuido dos vendedores do interior dos concesionarios. No caso dos particulares, sometían os propietarios a seguimentos para aproveitar calquera oportunidade. ● EFE

**ALEMAÑA**

Si suicidouse logo de que avisaran os pais

## Ideaba un masacre no seu instituto en Colonia

A Policía de Colonia rexentou onte as informacións de medios alemáns segundo as cales o estudante de 17 anos, que ao parecer ideaba un masacre contra o seu instituto xunto con outro alumno, se suicidou por intimidación policial. O mozo, identificado como *Robin B.*, tirouse ás vías dun tranvía onte, despois de que compañeiros do Instituto *Georg Büchner* alertasen a Policía dos seus plans. Dous axentes talaron con el o ventón, en presenza da responsable da escola, o que segundo fontes policíacas deu "resultados positivos".

Segundo relación o seu presunto compañeiro, *Robin C.*, de 18 anos, que onte quedou libre, pretendían matar os compañeiros de clase hoxe, martes. ● EFE